

ESTREA EN NUMAX: 06.10.2017 | V.O. | TP

Converso (2017, 61')

Dirección: David Arratibel

Guión: David Arratibel

Participación: Raúl del Toro, María Arratibel, Pilar Aranburu, Paula Tellechea

Son: Pello Gutiérrez

Montaxe: Zazpi T'erdí

Fotografía: David Aguilar

Música: Raúl del Toro

Produtoras: Zazpi T'erdí, Filmotive (España)

Distribuidora: Márgenes Distribución

Formato de proxección: DCP2K, 1.77:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

Oírse, 2013

PREMIOS E FESTIVAIS

Punto de Vista 2017 (premio do público), Málaga 2017 (mellor dirección documental), D'A Cinema d'autor 2017, Documentamadrid.

SINOPSE

David, director de cine, sentiuse en cuestión de poucos meses como un completo estraño na súa propia familia porque, na súa casa, as conversas cotiás pasaron a ser protagonizadas por un novo membro. Deus. Un tras outro cada membro da familia foise convertendo ao Cristianismo e David, estupefacto, foise afastando cada vez máis. Até que un día lle propuxo á súa familia enfrontar todas as conversas pendentes. Desde o amor, sen prexuízos, e cunha cámara diante.

«Un traballo conmovedor.
Fe e familia os inesperados
vimbios do documental
español do ano»

Paula Arantzazu Ruíz, CINEMANÍA



Nota de intención do director

Converso: Primeira persoa do presente do verbo conversar. Do presente porque eu, nós non conversabamos. Ou cando menos non o faciamos sobre o proceso de conversión e exaltación relixiosa que estaba a vivir a miña irmá maior, María, e despois toda a familia. Era un tema que nos levaba irremediabelmente ao conflito arrebatado. Coa única persoa que, tanxencialmente, si que falaba de relixión era o meu cuñado Raúl. Quizais o non compartir o mesmo sangue convidábanos a imprimir unha certa cautela nos nosos diálogos, moitas veces cargados de sa ironía. Este era o ambiente da miña familia cando, logo de terminar o meu primeiro filme, o meu cuñado suxeríame facer un documental sobre órganos de igrexa. O tema resultoume suxestivo mais axiña me decatei de que o que realmente me interesaba era esculcar no proceso de conversión de toda a miña familia, tentar enxergar como chegaran a ter a certeza de que Deus existe.

Non sabía como abordar o filme e, nas primeiras conversas con Raúl e María, xerouse un ambiente estraño porque, de maneira inconsciente, eu adoptei o rol dun entrevistador distanciador e, visto agora, diría que mesmo inquisidor. De súpeto, no medio de torpes entrevistas, a miña irmá dime: «A min este filme, aínda que non se faga, xa me serviu de moito, porque dunha puta vez puidemos falar ti e máis eu, porque non querías falar do tema, anoxábaste, púñaste de

mal humor». Aí chega a miña revelación e o filme interrógame, por que nunca lle preguntaches á túa irmá, á que tanto queres, sobre algo que foi tan importante para ela? (...) Se non era un rexeitamento ao feito desa nova vivencia relixiosa da miña familia, que é o que me violentaba?

Facendo o filme descubrín que, o que de verdade me doía, era ficar fóra porque sabía que eu non ía participar desa *graza* que tan intensamente os unía e, dalgún xeito, iso facíame un estraño na miña propia familia. A miña familia: ese refuxio animal e sen condicións que tanto preciso. Cando rematas un filme dásllo ao espectador para que o faga seu. Haberá quen só vexa neste filme un testemuño da fe. Para min, foi unha experiencia introspectiva e sanadora que conseguiu, a través da conversa, reencontrarme coa miña familia, mesmo cos que morreron e non sei se me agardan nalgunhas para retomar as conversa que deixamos pendentes.

Publicado en www.margenes.org/

A familia e un (e trino) máis

Por Jordi Costa

Se un condicionante da percepción acústica era o territorio común para a preparación dun diálogo de *Oírse* (2013), primeiro documental de David Arratibel, unha experiencia de estrañamento

coa máis directa contorna afectiva é o que lle serve de punto de partida en *Converso*, título que move a súa calculada ambigüidade entre a primeira persoa do singular dun verbo dialogante e a identidade transformada de quen opta por se mover do laicismo á fe. No seo da súa familia comprometida social e politicamente, cultivada e estruturada, o laico e racionalista Arratibel tenta comprender, a través da palabra, o que en primeira instancia lle provocou unha inmediata resposta emocional de perplexidade e rexeitamento: a iluminación que, nalgunhas casos, incrementou a convicción dun catolicismo moderadamente practicante e noutros transformou un hilarante descreimento nunha convicción desbordada.

Converso é un filme tremendamente honesto, de formas máis espidas ca *Oírse* que, de cando en vez, sucumbía a algún xesto estético: porén, o modo en que a mirada terreal do cineasta dá voz e concede espazo á transfiguración íntima dunhas subxectividade imprime ao resultado a resoante forza dun xesto case político movido polo afecto. Nun presente que asocia fe con ignorancia, *Converso* desartella ideas recibidas a través das palabras da nai e, en especial, a irmá de Arratibel —a gran personaxe do filme: o relato da súa experiencia mística é un abraiante exercicio de sinceridade, un intento de transmitir o indescribíbel en cadencias cotiás libres de toda afectación ou santurronería—.

Publicado en <https://elpais.com/>
Traducións: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

A BÓ NA TE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX